

Advertido erro na Resolución Reitoral do 11 de xaneiro de 2019 pola que se publica a **Convocatoria 1/2019** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado, faise pública a corrección que a seguir se indica:

Na **praza de referencia 2018-PG104.05** titulada “Economía circular da madeira cara a unha construción baixo-enerxética (UMI-USCPEMADEFINSA)-UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN 2018. Cofinanciación dun 80% do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para a creación e posta en marcha de unidades mixtas de investigación aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia” da que é Investigador Principal **D. Manuel Guaita Fernández**,

No apartado de “MERITOS A VALORAR”

Onde di:

| | | |
|------------------|--|----|
| <u>Ítem nº 1</u> | Carnet manexo de carretillas elevadoras | 25 |
| <u>Ítem nº 2</u> | Experiencia en laboratorio de madeira estrutural: preparación domaterial e realización de ensaios de laboratorio | 15 |
| <u>Ítem nº 3</u> | Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos. | 60 |

Debe dicir:

| | | |
|------------------|--|----|
| <u>Ítem nº 1</u> | Carnet manexo de carretillas elevadoras | 15 |
| <u>Ítem nº 2</u> | Experiencia en laboratorio de madeira estrutural: preparación domaterial e realización de ensaios de laboratorio | 60 |
| <u>Ítem nº 3</u> | Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos. | 25 |

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019
Por delegación do Reitor,
Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,
Vicente Pérez Muñuzuri
(Documento asinado dixitalmente)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 18/01/2019 12:59:10.

CSV: 483F-205B-48F4-A44B